

A Comisión 8.<sup>a</sup>, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de decembro de 2016, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Elección da Presidencia da Comisión.**

**Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.**

**Punto 3. Preguntas orais en Comisión**

3.1 567 (10/POC-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego e as actuacións levadas a cabo e previstas diante do Goberno central en relación coa decisión de modificar os coeficientes redutores da idade de xubilación para as tripulacións dos buques que pescan en augas internacionais

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016*

3.2 1189 (10/POC-000153)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre os criterios técnicos seguidos polo Goberno galego para a imposición a través da Orde do 30 de decembro de 2015 dunha nova taxa aos armadores de buques de baixura para a renovación do Permex para artes de recursos específicos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 24.11.2016*

3.3 1379 (10/POC-000188)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 3 máis

Sobre as iniciativas que está a desenvolver o Goberno galego no eido da formación "online" para profesionais ou estudantes náutico-pesqueiros, a acollida que teñen estes cursos de teleformación e as garantías establecidas para controlar a adquisición de coñecementos e, se é o caso, superar as probas físicas correspondentes, así como as previsións para o seu impulso no futuro

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22, do 30.11.2016*

- 3.4 1885 (10/POC-000263)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa renuncia da empresa Pemex aos usos e investimentos anunciados no porto exterior de punta Langosteira, a súa incidencia nos plans de viabilidade dese porto e as medidas previstas para paliar o seu impacto económico  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 29, do 15.12.2016*

- 3.5 1895 (10/POC-000265)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre a situación na que se atopa e os datos referidos ao proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia, así como as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas medidas adoptadas pola Garda Civil no porto de Aguiño respecto de tres embarcacións dedicadas á extracción de percebe por non axustarse a potencia dos seus motores á que figura nas súas documentacións  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 29, do 15.12.2016*

#### **Punto 4. Proposicións non de lei en Comisión**

- 4.1 660 (10/PNC-000040)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para paliar a situación de inseguridade que se xera no peirao de Laxe cando hai marusía  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016*
- 4.2 743 (10/PNC-000058)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Balseiro Orol, José Manuel e 5 máis  
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para facilitar o traslado polas federacións de confrarías aos profesionais do mar ou aos buques afectados das resolucións referidas a peches precautorios ou definitivos das distintas pescarías reguladas no Plan de xestión do caladoiro nacional do Cantábrico e noroeste. (Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016*

- 4.3 1542 (10/PNC-000154)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Merlo Lorenzo, Juan José e Casal Vidal, Francisco  
Sobre o exercicio polo Goberno galego das competencias de Galicia en augas interiores, de xeito que se estableza un plan propio de xestión da arte do xeito e a súa exclusión do actual Plan de recuperación da sardiña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016

Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**  
**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 19/12/2016 12:36:48**